

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 5 de outubro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.00 horas do día 5 de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1184).- ACTAS DA SESIÓNS ANTERIOR:.** Aprobase a acta da sesión ordinaria do 21.09.2012. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1185).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE.: 770/23 e 2271/06.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 24 e 25.09.2012, conformados pola concellería-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Concepción Lago Vázquez. Expte.770/23
- D<sup>a</sup>. Carmen Miguelez Diaz. Expte. 2271/06

**3(1186).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “EMAUS FUNDACION SOCIAL”, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA -VIA- NO MES DE AGOSTO DE 2012. EXPTE. 78437/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 13.09.2012, conformado polo xefe de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.559,41 euros, a favor de “EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL”, Cif. G-20486825, pola prestación dos servizos de xestión do programa de transición á vida autónoma -VIA- no mes de agosto de 2012.
- 2.- Imputar o gasto de 7.559,41 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.09 “Programa pisos de acollida” ou a súa bolsa de vinculación.

**4(1187).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U.”, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO DURANTE O MES DE AGOSTO 2012. EXPTE. 78323/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 5.09.2012, conformado polo xefe de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área e co informe do Interventor Xeral, do 12.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- “1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.399,67 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, pola prestación dos servizos do programa de redución do dano en medio aberto durante o mes de agosto de 2012.
- 2.- Imputar o gasto de 5.399,67 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, minorando dito importe do RC 201200019419 de 26.998,35 euros.

**5(1188).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “CICLO GRUPO 5, S.L.U.”, POLO CONCEPTO DE SERVIZOS AUXILIARES NO DISPOSITIVO DE**

**MARQUÉS DE VALTERRA, Nº 6, NO MES DE XULLO DE 2012. EXPTE. 77938/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 13.08.2012, conformado polo xefe de Política de Benestar, pola concelleira delegada de Facenda e pola concelleira delegada da área e co informe do Interventor Xeral, do 31.08.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 9.500,33 euros, a favor de “Ciclo Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-84184662, polo concepto de servizos auxiliares no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, no mes de xullo de 2012.

2.- Imputar o gasto de 9.500,33 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, minorando dito importe do RC 201200038817 de 64.000 euros.

**6(1189).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U.”, POLOS TRABALLOS DE ORGANIZACIÓN DO TRABALLO SOCIAL NO DISPOSITIVO DE MARQUES DE VALTERRA Nº 6, DO MES DE XULLO DE 2012. EXPTE. 77933/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, de data 13.08.2012, conformado polo xefe de Política de Benestar, pola concelleira delegada de Facenda e pola concelleira delegada da área e co informe do Interventor Xeral, do 3.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.968,24 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, polos traballos de organización e traballo social no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, do mes de xullo de 2012.

2.- Imputar o gasto de 7.968,24 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, minorando dito importe do RC 201200038817 de 64.000 euros.

**7(1190).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRICIÓN TÉCNICAS, PARA O MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 8700/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de data 18.09.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 27.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aproba-lo gasto de 839.164,88 euros (279.721,62 euros para o ano 2013; 279.721,63 euros para o ano 2014 e 279.721,63 euros para o ano 2015), para a contratación do servizo de mantemento dos cemiterios municipais, que se imputarán á partida 1640.227.99.00 “mantemento xardíns cemiterios”.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o mantemento dos cemiterios municipais do concello de Vigo, que contén o prego de cláusulas administrativas particulares do 17 de setembro de 2012 e prego de prescricións técnicas particulares suscrito polo Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en data 18 de setembro de 2012.

Terceiro.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea.

**8(1191).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EMSAC, S.L. CON CARGO Á PARTIDA DE “ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS”, POLA COLOCACIÓN DE PANTALLA XIGANTE NO PARQUE DE CASTRELOS CO GALLO DA FINAL DA EUROCOPA. EXPTE. 11498/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Director Deportivo do IMD, de data 5.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo gasto que figura na factura nº 2012-280 que se achega ao expediente, por un importe total de 16.874 € (dezaseis mil oitocentos setenta e catro euros), a favor de Emsac, S.L. co CIF: B36197515 que deben ser imputados á partida orzamentaria 3410.226.09.01 “Organización de actividades deportivas”, do orzamento da concellería de Deportes para o presente exercicio económico.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Emsac, S.L., CIF: B36197515, por un importe total de 16.874 €, en concepto de prestación do servizo de colocación de pantalla xigante de 8 x 5 mts no Parque de Castrelos co gallo da disputa da final da Eurocopa, con data 1 de xullo, con cargo á partida 3410.226.09.01 “Organización de actividades deportivas”.

3º.- Pagar a Emsac, S.L., CIF B36197515, a factura nº 2012-280, que se achega ao expediente, por un importe total de 16.874 € (dezaseis mil oitocentos setenta e catro euros), con cargo á partida 3410.226.09.01 “Organización de actividades deportivas” do orzamento municipal da concellería de Deportes para 2012.

**9(1192).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS O DÍA DA FINAL DA EUROCOPA NO PARQUE DE CASTELOS. EXPTE. 11497/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Director Deportivo do IMD, de data 5.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira delegada de Facenda e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo gasto que figura na factura nº 30/006/2012 que se achega ao expediente, por un importe total de 3.696,41 € (tres mil seiscientos noventa e seis euros e coarenta e un céntimos), a favor da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 co CIF: G150702350 que deben ser imputados á partida orzamentaria 3410.226.09.01 "Organización de actividades deportivas", do orzamento da concellería de Deportes para o presente exercicio económico.

2.- Recoñecer a obriga a favor da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, CIF: G150702350, por un importe total de 3.696,41 €, en concepto de prestación do servizo de ambulancia medicalizada e coordinación de urxencias no Parque de Castrelos co gallo da disputa da final da Eurocopa, con data 1 de xullo, con cargo á partida 3410.226.09.01 "Organización de actividades deportivas".

3º.- Pagar á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, CIF G150702350, a factura nº 30/006/2012, que se achega ao expediente, por un importe total de 3.696,41 € (tres mil seiscientos noventa e seis euros con coarenta e un céntimos), con cargo á partida 3410.226.09.01 "Organización de actividades deportivas" do orzamento municipal da concellería de Deportes para 2012.

**10(1193).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL "CASCO VELLO". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9090/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 11.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 18.09.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 27.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello"", con CIF: G36645885.
2. Autorizar o gasto de 20.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

### 3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcadia de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Cándido Pérez Betanzos, como Presidente da Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello", CIF nº G36645885, e enderezo social en rúa Oliva, 12, 362302 de Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### **EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

#### **MANIFESTAN**

I.- - Que a Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ▣ *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- ▣ *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- ▣ *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- ▣ *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*

- *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións deveciñais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e das necesidades de dinamización social e laboral da parroquia pola Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello", impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

**V.-** Que a Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello" non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello", o Concello de Vigo e a dita Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello" convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello", comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, e concretamente, a:

1. Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:
  1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa dinamización sociocultural e a xestión económica administrativa da entidade así como nas labores de:
  2. Mellorar e incrementar a realización de actividades e de servizos para as persoas asociadas e veciñanza en xeral, mediante a:
    1. Ampliación do horario de apertura dos locais.
    2. Atención as tarefas técnico-administrativas e de animación sociocultural.
    3. A posta en marcha de novos proxectos e actividades e o seu seguimento e xestión diaria.
  3. Desenvolvemento de actividade de carácter técnico administrativo:
    1. Apertura e peche dos locais durante o horario laboral
    2. Atención ás persoas usuarias: socios/as, cidadáns e cidadás,
    3. Atención telefónica
    4. Xestión administrativa xeral:
      1. Arquivo
      2. Correspondencia
    5. Xestións diante das distintas administracións públicas
    6. Xestións bancarias
  4. De animación, promoción da cultura e o lecer
    1. Xestións de actividades culturais:
    2. Cursos
    3. Obradoiros
    4. Festas
  5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
  6. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.



7. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello".
3. Conceder directamente á Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello" unha subvención total por importe de 20.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▣ Copia autenticada do contrato.
- ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo

constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación Veciñal e Cultural "Casco Vello" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as

Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

**11(1194).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A A.V.C.D. LAVADORES. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9084/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposto do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 17.09.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 27.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

7. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "A.V.C.D de Lavadores", con CIF: G36633618.
8. Autorizar o gasto de 28.710,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
9. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Eduardo Fernández Pérez, como Presidente da A.V.C.D de Lavadores, CIF nº G36633618, e enderezo social en Avda. Ramón Nieto, 302, 36205 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social

nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sindicais, asociacións veciñais, fundacións, federacións, etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos a cidadanía mediante a información, formación, asesoramento de cara a búsqueda de emprego, o autoemprego así como o fomento do emprendemento.

## MANIFESTAN

I.- Que a A.V.C.D de Lavadores, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*
- *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións veciñais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas pola AVCD de Lavadores, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

**V.-** Que a A.V.C.D. de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da A.V.C.D. de Lavadores, o Concello de Vigo e a dita A.V.C.D. de Lavadores convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A A.V.C.D. de Lavadores, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións na parroquia de Lavadores e, concretamente, a:

2. Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:
  1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de mulleres e maiores de 45 anos.
  2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de:
    1. Dinamización sociocultural na parroquia.
    2. Mellora da accesibilidade nos accesos as instalacións da entidade.
    3. Concienciación do medio natural.
    4. Fomento no coñecemento e uso das novas tecnoloxías.
    5. Promoción da igualdade.
    6. Dinamización da economía e do comercio da parroquia.
    7. Apertura, peche e control de acceso as instalacións.
    8. Mantemento e reparación das infraestruturas.
  3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo,

obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

4. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

4. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
5. Respetar a estrutura organizativa da A.V.C.D. de Lavadores.
6. Conceder directamente á A.V.C.D. de Lavadores unha subvención total por importe de 28.710,00 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da



actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

16. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
17. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
18. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación de Mulleres Progresistas.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.



Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei

de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación de Mulleres Progresistas no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

#### **14(1197).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A A.VV. DO CALVARIO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9085/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 17.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 27.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "A.VV. do Calvario", con CIF: G36648293.
- Autorizar o gasto de 20.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Juan José García Costas, como Presidente da “A.VV. de O Calvario”, CIF nº G36648293, e enderezo social en Rúa Martínez Garrido, 12, 36205 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, federacións, asociacións, fundacións etc...de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de paro de cara a búsqueda de emprego.

### **MANIFESTAN**

I.- Que a A.VV. de O Calvario, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ▣ *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- ▣ *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- ▣ *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- ▣ *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*
- ▣ *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións devociñais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios,

como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas pola asociación veciñal do Calvario, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinetes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

**V.-** Que a A.VV. de O Calvario non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da A.VV. de O Calvario , o Concello de Vigo e a dita A.VV. de O Calvario conciben a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A A.VV. de O Calvario, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións na parroquia de Lavadores e, concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

12. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de menores de 30 anos.
13. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de:
  1. Dinamización sociocultural no barrio do Calvario.
  2. Mellora organizativa da entidade.
  3. Fomento no coñecemento e uso das novas tecnoloxías.
  4. Promoción da igualdade.
  5. Dinamización da economía e do comercio da parroquia.
  6. Apertura, peche e control de acceso as instalacións.
14. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
15. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
16. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
17. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
18. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
19. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
20. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
21. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

9. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
10. Respetar a estrutura organizativa da A.VV. de O Calvario.
11. Conceder directamente á A.VV. de O Calvario unha subvención total por importe de 20.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

19. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

20. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

21. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - Dous a membros da Xunta directiva da entidade A.VV. de O Calvario.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei



de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola A.VV. de O Calvario no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.-**A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

**15(1198).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE CIVISGLOBAL, S.L., EN CONCEPTO DAS ACTUACIÓN PARO O REMATE DA HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE POVISA. EXPTE. 1444/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 4.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 25.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura nº 247 de data 29 de xuño de 2012 presentada no Rexistro Xeral pola mercantil Civisglobal, S.L. antes Movexvial, S.L. con data 3 de xullo de 2012, correspondente ás obras de Actuacións realizadas na rede de fecháis para a terminación da Humanización do Entorno de Povisa e por importe de 292.345,70 Euros.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de Civisglobal, S.L. antes Movexvial, S.L. por un importe de 292.345,70 Euros

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Civisglobal, S.L. antes Movexvial, S.L. por un importe de 292.345,70 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.619.00.04

**16(1199).- APROBACIÓN MEMORIA VALORADA PARA EXECUTA-LAS OBRAS DE “CONEXIÓN DAS ACOMETIDAS DAS VIVENDAS NA TRV. ENRIQUE LORENZO”. EXPTE. 2226/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 28.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 27.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobación da memoria valorada para executa-las obras de “Conexión das acometidas das vivendas na Travesía Enrique Lorenzo ”, por un importe total de 25,748,58 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.
- 2º.- Autorización á empresa “Aqualia ”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, según o establecido na cláusula terceira do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

**16(bis)(1200).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES PARA OS PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ANO 2012, DENTRO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER. EXPTE. 5484/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, de data 12.09.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 1.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Conceder, con cargo á partida 2311.4890000 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2012 dentro do “Programa específico de subvencións da concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller”, por un importe total de setenta e tres mil cincocentos euros (73.500,00€); constando no anexo I que se achega, a relación de entidades, proxectos e axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

a) Porque a xuízo da comisión de valoración os proxectos teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo (punto 2.b da Base Quinta):

Entidade “ Asociación Cultural Galego Brasileira ETNIA” CIF G36994010

Entidade " Fundación Amigos de Galicia" CIF G15859911  
Entidade: "AFAGA-Enfermos Alzheimer" CIF G36776920

b) Por non reunir os proxectos as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria (punto 2.g da Base Quinta):

Entidade " Fundación CUME para el desarrollo de culturas y pueblos" CIF G36797579 "La igualdad de género desde la cocina"

Entidade " Asociación para la promoción de la mujer Concepción Arenal". CIF G36708139. Proxecto "A igualdade dende a formación"

Entidade " Asociación Galega Amigos del Rocío" CIF G36820637. Proxecto: "Aprende a ser a túa propia estilista"

c) Porque a xuízo da comisión de valoración os proxectos teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo (punto 2.b da Base Quinta) e por non reunir os proxectos as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo (punto 2.g da Base Quinta):

Entidade: "Asociación Benéfica Beiramar de Vigo" CIF G36634608. Proxecto: "Comedia Mamá Felisa: a verdadeira Mona Lisa"

d) Por ter presentada a solicitude fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso (punto 2.h da Base Quinta):

Entidade " Feministas Independentes Galegas" CIF G36688125

e) Por non cumprir o requerimento de completar a documentación, ou correxir as deficiencias, sinaladas na notificación que lle foi enviada polo órgano instructor do procedemento (Base Décimo Segunda):

Entidade " Asociación Mulleres en Igualdade de Vigo" CIF G27712306

<b>ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS e CONTÍA DAS AXUDAS CONCEDIDAS.</b>						
CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	PROXECTOS	Puntos concedidos	Custo do proxecto	Contía solicitada	Contía concedida
G15773013	Asoc. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres	MMM Marchando por unha vida digna e sostible	16	12.040,00 €	8.440,00 €	2.000,00 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Clown, El camino hacia unha mesma	8	1.672,00 €	1.532,00 €	1.000,00 €
G36688992	Asoc. Mulleres Cabral Rosalía de Castro	Curso de Pilates	8	2.250,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bembrive	Ximnasia	8	5.246,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €

G36710234	Asoc. Mujeres Empresarias de la Provincia de Pontevedra	II Xornadas de sensibilización dirixidas a mulleres	7,5	8.250,00 €	5.575,00 €	937,50 €
V36866234	Colectivo Violeta	Exposicións de mulleres pintoras, escultoras e fotógrafas	1,6	250,00 €	200,00 €	200,00 €
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	I Premio Microrelatos “Mulleres Progresistas”	16	2.650,00 €	2.650,00 €	2.000,00 €
G36928646	Asoc. Rede de Mulleres Veciñais contra Malos tratos	Educando – Nós	17	3.735,00 €	3.735,00 €	2.125,00 €
G36964757	Asoc. Mujeres Viudas Demócratas de Vigo	Fomento da participación e empoderamento das mulleres maiores	14	8.768,00 €	3.000,00 €	1.750,00 €
G36767119	Mulheres Nacionalistas Galegas	II Fase Roteiro en Feminino Sons de Mulleres	17	3.650,00 €	3.000,00 €	2.125,00 €
G15383011	Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT	Construindo o futuro en feminino (enccontro sindical)	33	24.900,00 €	8.300,00 €	4.125,00 €
G15103112	CCOO Unión Comarcal de Vigo	Construindo o futuro en feminino (enccontro sindical)	33	24.900,00 €	8.300,00 €	4.125,00 €
G36125946	Sindicato traballadoras/es do ensino de Galicia-Pontevedra	Guía de corresponsabilidade	9	1.200,00 €	1.200,00 €	1.125,00 €
G36681708	Federación A VV Eduardo Chao	Desenvolvemento e comunicación	17	17.000,00 €	15.000,00 €	2.125,00 €
G36648640	AVV Cultural Deportiva de San Miguel de Oia	Actividades de promoción da muller. Mantemento físico	8	7.100,00 €	3.500,00 €	1.000,00 €
G36632081	AVV de Beade	Beade en continuo avance	8	3.035,00 €	2.835,00 €	1.000,00 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Pintar con teas	2,5	1.200,00 €	500,00 €	312,50 €
G36623593	AVV Monte da Mina de Castrelos	Restauración, renovación e reciclaxe de elementos decorativos	2,5	2.400,00 €	2.400,00 €	312,50 €
G36709004	AV Doutor Fleming	Actívate, corpo e mente en movemento	8	4.020,00 €	3.300,00 €	1.000,00 €
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns Vigo	Curso inglés para mulleres V	8	2.550,00 €	2.300,00 €	1.000,00 €

G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divértete	12	32.250,00 €	7.900,00 €	1.500,00 €
G36648608	AVV Emilio Crespo San Paio de Navia	Reparacións domésticas básicas	12	2.420,00 €	2.420,00 €	1.500,00 €
G36631703	SVCD Nautilus San Andrés de Comesaña	Creatividade e tradición	2,5	1.200,00 €	1.200,00 €	312,50 €
G36648293	A VV do Calvario	Curso Informática-Internet	8	2.500,00 €	1.500,00 €	1.000,00 €
G36633428	SCRD Helios	Ximnasia de mantemento	7	3.195,25 €	3.195,25 €	875,00 €
G36622835	Asoc. De Persoas Xordas de Vigo	VI Edición "O empoderamento das mulleres xordas"	11	1.965,00 €	1.965,00 €	1.375,00 €
V36658680	CRC de Cabral	Alfabetización informática	6,4	2.550,00 €	800,00 €	800,00 €
G36659894	AVV de San Roque	Coidamos a nosa saude	8	2.637,80 €	2.200,00 €	1.000,00 €
G36648186	Asoc. VV Camiño Vello de Coia	Búsqueda activa de emprego a través de Internet	8	4.920,00 €	2.200,00 €	1.000,00 €
G36622793	Asoc. VV Cristo da Victoria	Búsqueda activa de emprego a través de Internet	8	4.920,00 €	2.200,00 €	1.000,00 €
G36633618	Asoc VCD de Lavadores	Promoción actividades formativas	8	3.100,00 €	3.000,00 €	1.000,00 €
V36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan muller en coruxo 2012	9	7.280,00 €	6.000,00 €	1.125,00 €
V36655017	A VV Fonte do Galo	Activación da memoria	7	1.850,00 €	1.625,00 €	875,00 €
G36684991	A VV As Fontes de Lavadores	Actívate e potencia-te a través do coñecemento	10	1.910,00 €	1.860,00 €	1.250,00 €
G36649325	A VV O Carballo de Sárdoma	Actívate e potencia-te a través do coñecemento	10	1.850,00 €	1.850,00 €	1.250,00 €
G36640860	A V C D Val deo Fragoso	Muller e tradición	3	3.050,00 €	2.750,00 €	375,00 €
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Actívate	10	1.850,00 €	1.850,00 €	1.250,00 €
G36642726	Asoc. Axuda ó Toxicómano Érguete	Intervención socioeducativa dende unha perspectiva de xénero "Mírate"	12	8.550,00 €	2.500,00 €	1.500,00 €
G36861078	Fundación Érguete-Integración	Curso limpeza de grandes superficies	16	4.538,00 €	4.538,00 €	2.000,00 €

G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller 2012. Educación para a saúde.	8,5	9.503,18 €	7.127,38 €	1.062,50 €
G79408852	Médicos del Mundo	Curso de formación de axentes de saúde para persoas prostituídas	8,5	42.595,39 €	14.198,46 €	1.062,50 €
G36917037	Asociación Xogais	Revista "Pioneiras" 16	7	1.800,00 €	900,00 €	875,00 €
G36621290	Casa de Andalucía en Vigo	Compartindo igualdade "Cambio de roles no fogar"	12	4.700,00 €	3.800,00 €	1.500,00 €
G36992360	Escola da Mulleres Solidarias	Ferramentas para a xestión intelixente dos coidados en equipo	4	1.600,00 €	1.600,00 €	500,00 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	Construíndo igualdade, transformando a sociedade	8	1.850,00 €	1.350,00 €	1.000,00 €
G36987147	AZO Asov Galega de apoio ó desenvolvemento do inmigrante e emigrante retornado	Conectemos Xuntas III	5	2.700,00 €	2.700,00 €	625,00 €
G28197564	Asoc. Española contra o Cancro	Vitalia "Estancias terapéuticas"	5	4.250,00 €	1.150,00 €	625,00 €
G27728658	Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	Atención e sensibilización sobre prostitución e trata de persoas con fins de explotación sexual.	17	20.256,28 €	13.984,28 €	2.125,00 €
G36627453	Asociación Viguesa de Alcohología AS-VIDAL	Mes a Mes	12	2.800,00 €	2.800,00 €	1.500,00 €
G36972024	Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	Alfabetización en TIC para mulleres	8	3.525,00 €	3.525,00 €	1.000,00 €
G36812535	Club Gamboa	Conferencias semanais	3	2.000,00 €	2.000,00 €	375,00 €
